

## Xesús Alonso Montero, Amancio Prada e a restauración do pórtico da Gloria, entre os Premios da Cultura Galega

Os galardóns tamén distinguen a Soledad Penalta, Monicreques de Kukas, «O sabor das margaridas», Pilar Ponte e «Galego en Londres»



Fue la noticia cultural del año. Tras diez años de trabajos, a finales de junio se pudo contemplar cómo el pórtico de la Gloria había recuperado su magnificencia y sus colores originales. En la imagen, las largas colas para contemplarlo. SANDRA ALONSO



LA VOZ  
REDACCIÓN 27/11/2019 12:35 H

O académico **Xesús Alonso Montero**, a artista **Soledad Penalta**, a compañía **Monicreques de Kukas**, o cantautor **Amancio Prada**, a serie de televisión **O sabor das margaridas**, a profesora **Pilar Ponte Patiño**, a restauración do **Pórtico da Gloria** e o programa **Galego en Londres** son os galardoados dos **Premios da Cultura Galega 2019**, segundo informou este mércores a Xunta.



Alonso Montero. MARCOS CREO

Xesús Alonso Montero é o galardoado na modalidade de Letras. Expresidente da Real Academia Galega e colaborador de La Voz, é unha das referencias nos eidos da **lingua, da historia da literatura e mais da sociolingüística**, ademais dunha ampla obra investigadora e ensaística.



CARMELA QUEIJEIRO

En Artes Plásticas o premiou recae en Soledad Penalta. Comezou a súa carreira en 1972 traballando coa cerámica e desenvolveu o seu traballo en talleres e seminarios con mestres como Isaac Díaz Pardo. Entre as súas obras destacan as **fundicións en bronce, ferro e aceiro**, como as pezas expostas no parque escultórico da torre de Hércules.

Monicreques de Kukas, que neste 2019 cumpre 40 anos, recibirá o galardón de Artes Escénicas. Creada por Marcelino de Santiago e Isabel Rey, a compañía é unha referencia na investigación e representación de monicreques, con **espectáculos ambiciosos que transmiten propostas didácticas e sociais e contribúen á normalización do galego**.



Amancio Prada. PACO RODRÍGUEZ

En Música o distinguido é Amancio Prada. Editou o seu primeiro disco, *Vida e morte*, en 1974 en París, e dende entón está considerado **unha das principais voces da canción de autor**. As súas adaptacións de Rosalía de Castro, García Lorca o San Juan de la Cruz figuran entre o máis senlleiro do seu repertorio.



María Mera es una de las protagonistas de «O sabor das margaridas». TVG

*O sabor das margaridas* é a serie que recibirá o premio no apartado Audiovisual. A produción de CTV, Comarex e TVG desenvólvese nunha pequena vila do interior de Galicia na que se racha a calma a raíz da chegada dun tenente da Garda Civil. **Integramente en galego, está incluída no catálogo da plataforma Netflix.**



Pilar Ponte Patiño. MARCOS CREO

O premio de Lingua é para a profesora do IES Pobra do Caramiñal Pilar Ponte Patiño, participante no programa **21 días co galego**, unha experiencia na que se anima á mocidade a se expresar en galego, todo o día e con todo o mundo, durante tres semanas.



Visitantes ante o pórtico da Gloria. PACO RODRÍGUEZ

A restauración do pórtico da Gloria, promovido polas fundacións Catedral e Barrié, en colaboración coa Xunta e o Ministerio de Cultura, mereceu o honor na categoría de Patrimonio Cultural. A intervención non só tivo un aspecto material, senón que forneceu **valiosa información sobre o monumento** e as súas características.



Alumnos galegos do Cañada Blanch, este verán en Santiago.

Por último, os galardóns péchanse co apartado de Proxección Exterior, que distinguiu a Galego en Londres. Desenvólvese por parte do alumnado do centro Vicente Cañada Blanch de Londres, cuxas actividades supoñen **un gran pulo ao coñecemento da lingua e cultura da Galicia fóra do seu ámbito xeográfico** que a enriquecen e poñen en valor.